

Boletín CAIA 28

Marzo 2026



Guía de UNICEF para actuar en emergencias con enfoque en la infancia

A guía “Modo de emerxencia activado”, impulsada por UNICEF no marco de Cidades Amigas da Infancia, ofrece recomendacións prácticas para afrontar situacións de emerxencia tendo en conta os dereitos da infancia. Inclúe pautas sobre saúde mental, atención a nenos e nenas con discapacidade e o papel de familias, escolas e administracións ante crises cada vez máis frecuentes polo cambio climático.



O Goberno reforzará o acollemento familiar como medida clave de protección á infancia

O Ministerio de Xuventude e Infancia iniciou o proceso para aprobar unha nova norma que reforzará o acollemento familiar como principal medida de protección para nenos, nenas e adolescentes en situación de desamparo. A proposta busca fomentar este modelo fronte ao acollemento residencial, especialmente nos menores de 6 anos, e atraer novas familias acolledoras, garantindo o dereito da infancia a medrar nun entorno familiar seguro e afectivo.



Case 3 de cada 10 nenos e nenas en España viven en exclusión social

Un informe da Plataforma de Infancia alerta de que o 29 % da infancia en España está en situación de exclusión social, unha cifra moi superior á das persoas adultas (17 %). O estudo destaca que esta realidade está ligada a factores como a pobreza, a vivenda, a discapacidade ou a organización dos coidados no fogar, e pon de manifesto a necesidade de reforzar as políticas públicas para garantir os dereitos da infancia.



A Xunta e UNICEF avanza nas liñas da futura Lei de Infancia e Adolescencia

A Xunta de Galicia mantivo un encontro con UNICEF para definir as principais liñas estratéxicas da futura Lei de Infancia e Adolescencia, unha norma que busca situar a infancia no centro das políticas públicas. Entre as medidas destacadas están o reforzo do acollemento familiar, a mellora da coordinación entre administracións e a creación de novos instrumentos de participación e protección, nun marco legal máis moderno e adaptado ás necesidades actuais.



Día del Clima: a acción local para un futuro sostenible

No Día do Clima, UNICEF destaca o papel clave dos gobernos locais e da infancia na loita contra o cambio climático. As cidades son espazos fundamentais para impulsar medidas de adaptación e mitigación, así como para escoitar as propostas de nenos, nenas e adolescentes, que reclaman entornos máis verdes, seguros e saudables.



Aumenta o número de menores en protección e medra o acollemento residencial en España

O número de nenos, nenas e adolescentes en situación de protección segue en aumento, superando os 55.000 casos en España. Destaca o incremento do acollemento residencial, que xa supera ao familiar, especialmente preocupante en menores de curta idade. A situación evidencia a necesidade de reforzar a prevención e o apoio ás familias para evitar a separación dos menores do seu entorno.



As familias de acollida reclaman que os menores non medren en centros e alertan do deterioro do seu benestar

As familias de acollida e profesionais da psicoloxía advirten da necesidade de priorizar o acollemento familiar fronte ao residencial, defendendo que os nenos e nenas deben medrar en contornos familiares. Alertan de que o aumento da institucionalización pode afectar negativamente ao benestar emocional da infancia e sinalan a falta de coñecemento e apoio como barreiras para ampliar o número de familias acolledoras.



Máis de cen achegas impulsan a primeira Lei galega de infancia e adolescencia

A Xunta de Galicia recibiu máis de cen achegas de entidades e particulares para a elaboración da primeira Lei galega de infancia e adolescencia, unha norma considerada necesaria e moi esperada. O proceso busca construír un texto participado e adaptado ás novas realidades sociais, reforzando especialmente o acollemento familiar e a protección dos menores. Neste contexto, cómpre salientar que desde o noso CAIA tamén se realizaron achegas a esta futura lei, contribuíndo ao seu enfoque participativo e á mellora das políticas de infancia.

Experiencias de aquí e de alá



UNICEF España e EDUCO reforzan a súa alianza pola protección da infancia

UNICEF España e a ONG EDUCO impulsan accións conxuntas para promover contornas locais máis protectoras para a infancia, especialmente no ámbito da prevención da violencia e o fortalecemento das políticas municipais. Esta colaboración pon o foco na formación, o intercambio de ferramentas e o traballo en rede entre entidades locais e axentes sociais



EPIC 4.0 impulsa a participación infantil no seu primeiro encontro presencial do ano

O equipo EPIC 4.0 (Equipo de Participación Infantil por el Cambio) celebrou o seu primeiro encontro presencial do ano, reunindo a nenos, nenas e adolescentes de distintos contextos para compartir experiencias, formarse e definir liñas de traballo. Durante as xornadas abordáronse cuestións como a saúde mental ou o idadeísmo, nun espazo participativo que fomenta o exercicio dos dereitos da infancia e a súa implicación como cidadanía activa

Testemuña en primeira persoa



Beatriz Comesaña,
Mariscadoras de Ideas
Concello de Moaña

Neste segundo trimestre, xunto coa miña clase puiden colaborar co CINTECX (Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxías e Procesos Industriais) na elaboración e perfeccionamento do videoxogo “Alerta Verde”. No Escape Room, presentáenos ante unha emerxencia no noso centro educativo, o cal debemos salvar adquirindo diversos coñecementos visitando as instalacións do CITECX, ten como propósito achegar a ciencia e a investigación ao público xeral, e en especial a mocidade.

Para min foi unha grande oportunidade de conectar os coñecementos máis teóricos que estudamos na clase dunha forma máis lúdica e incluso comprender como funcionan tecnoloxías tan imprescindibles como os láseres ou os paneis fotovoltaicos. Despois de probar este xogo fixemos as nosas achegas para melloralo, e posteriormente visitamos o Centro de Investigacións para realizar presenciamos as probas propostas nel.

Ademais, asistimos ao lanzamento deste videoxogo onde participamos na mesa redonda, compartindo cos asistentes a nosa opinión e experiencia sobre este belo proxecto.

Recomendo a todas as persoas que xoguen ao “Escape Room Alerta Verde” ademais de realizar os pósters sobre as tecnoloxías protagonistas deste, xa que, dende o meu punto de vista é una forma perfecta de asimilar o funcionamento e composición dos láseres, drones...